

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO AS RECLAMACIÓNS DOS TRABALLADORES/AS DA PLANTA DE REPSOL NA REFINERÍA DE A CORUÑA

O pasado 8 de Abril, a Dirección de Repsol comunicou ao Comité de Empresa da Refinería de A Coruña o inicio dun Expediente de Regulación Temporal de Emprego por causas produtivas que afectará a 212 traballadores e traballadoras e cunha duración de máximo 6 meses.

A diminución da demanda de mobilidade e do transporte, derivadas da irrupción na nosa sociedade da Pandemia provocada pola COVID-19, provocou uns efectos económicos negativos, ademais de a moitas outras, ás empresas dedicadas á produción de combustible. Este foi un sector que durante toda a Pandemia estivo á altura das circunstancias grazas ao esforzo dos seus traballadores, que ao ser considerados esenciais, adaptaron as súas xornadas laborais, mesmo con horarios de 12 horas continuadas, para garantir a actividade industrial no caso da aparición de brotes do virus.

Esta situación fixo que a Dirección de Repsol felicitase publicamente aos seus traballadores e traballadoras por un esforzo que, non supoñendo ningún beneficio económico ao seu plantel, si que evidenciou un compromiso, manifestado por Repsol, de que non tomaría decisións dramáticas para o seus persoal durante a Pandemia, cuxo fin se comeza a intuír co incremento nos ritmos de vacinación e por tanto un próximo aumento da mobilidade e o consumo.

É a primeira vez na historia que a Empresa toma unha decisión tan drástica como esta e ,tendo en conta que a pesar de estar nun momento complicado en tempos de COVID-19, a petroleira tivo un resultado neto axustado no 2020 dun beneficio de 600 millóns de euros.

Unha decisión que terá un gran impacto económico en toda a nosa contorna, sumado ao efecto en cascada que vai provocar no emprego das numerosas empresas contratistas vinculadas á Refinería.

É o noso desexo e compromiso traballar para que Repsol reconsidere a decisión de aplicar este ERTE, o cal non está fundamentado en temas económicos e non suporá ningún tipo de aforro para a Compañía pero que si afectará a 212 traballadores de forma directa, ademais dos traballadores e traballadoras das contratas xunto coas súas familias e a toda economía circular dos concellos e comarcas afectadas, co que serían mais de 3500 persoas as que notarán o impacto desta medida que quere poñer en marcha Repsol.

Desde este Comité de Empresa denunciámos que unha empresa do tamaño de Repsol utilice as arcas públicas para pagar os soldos dos seus traballadores e traballadoras ao mesmo tempo que solicita subvencións e achegas económicas para reforzar a súa actividade non se axusta a unha responsabilidade social e de respecto á sociedade onde desenvolve as súas operacións.

O anuncio desta decisión empresarial pon de relevo a importancia do mantemento do emprego de calidade e coloca enriba da mesa a necesidade de manter o tecido industrial desta comarca e por engadido de toda Galicia.

Por todo o exposto, o Comité de Empresa da Refinería de A Coruña solicita o apoio e compromiso de todos os grupos políticos presentes na Deputación de A Coruña aos traballadores e familias afectadas pola apertura deste ERTE comunicado por Repsol e instan á Xunta de Galicia a traballar conxuntamente co Goberno do Estado para que a empresa Repsol reconsidere a posta en marcha do ERTE anunciado, e garanta as inversións necesarias para o mantemento da actividade e o emprego nas instalacións de Repsol en A Coruña.